



ANO XXXIII • Nº 898 - Do 14 ao 27 de abril de 2014

# A Vida ten a palabra

2014

primavera

2014

primavera

2014

PASCUA

pascua

PRIMAVERA


# A foto que fala



Inglaterra, século XIX?  
Non, China, século XXI.

## O trasno U-la memoria reparadora?

Daniel López Muñoz



A máis mínima mención, cando sae de certas bocas, é ofensiva. Si, pódese facer unha reviravolta: non foi “obxectivamente” para tanto dicir iso que dixo Rouco no gran funeral por Suárez sobre as “causas que provocaron a Guerra Civil ou que a poden provocar”. Pero chega un momento en que as frases significan máis por quen

as di: polas circunstancias e a pelaxe do proferidor. Rouco Varela é un pastor pouco querido polas súas ovellas e odiado por unha porción enorme das cabuxiñas que libremente habitan o monte celtibérico.

Debería, coma os americanos despois do 11-S, preguntarse: por que me odian tanto?

Desde logo o da Guerra Civil dá e dará para moito. Condiciona o presente. A imaxe que describía o filósofo Emilio Lledó é reveladora: recordaba como con 11 anos, desde o balcón da súa casa de Vicálvaro, viu como unha brigada de falanxistas ocupaba en desfile a localidade. A funesta marcha ía presidida por un crego cun descomunal crucifixo.

O empeño dos rouquistas nestes últimos anos por desenterrar mártires católicos e botar sal na ferida, repugna. E non fai ningunha xustiza aos relixiosos que cuestionaron aquela carnicería, que os hai, e son ignorados. Non tería máis valor reparador recuperar a memoria dos católicos que se opuxeron ou resistiron? Non

sería iso máis sandador da fenda, do resentimento?

En Galicia, por suposto, está a figura enorme de Alexandre Bóveda. Pero, facendo un percorrido polo país, para romper tópicos: non se atoparía por aí algún párroco que se portou, alguén que se arriscara para que o malo non fose a peor. Non houbo ninguén con sentido da piedade e da xustiza? Algún *defensor da vida*, monseñor?

Noutros lares si que atopan esas figuras, como a de Martín Zubeldía Inda, Gumersindo de Estella, un capuchino lizarratar desterrado a Zaragoza, e que escribiu un diario de denuncia sobre os 1700 fusilamentos dos que foi testemuña, incluíndo o roubo de meniños dalgunha das fusiladas. A denuncia é estarrecedora: “*Por compasión, no me la roben! Que la maten conmigo*”, gritaba una. ‘*No quiero dejar a mi hija con estos verdugos!*’, exclamaba la otra. *Se entabló una lucha feroz entre los guardias que intentaban arrancar a viva fuerza las criaturas del pecho y brazos de sus madres y las pobres madres que defendían sus tesoros a brazo partido*”.

É de moito interese e sinxeleza o artigo de Xosé Arregui que incluimos neste número. Falamos da Pascua. Falamos da vida e da confianza inexplicable, contra calquera indicio en contra, de que a vida vence sobre a morte.

E non calquera vida. No centro da fe cristiá hai un dato incontrovertible, inmanipulable. E non por falta de intentos históricos para encubrilo e de manipulalo. Esa é a gran contradición histórica da Igrexa, transmitir e ocultar, desvelar e amortecer o gran dato: Deus asómase por unha fiestra da historia humana, e nesa xaneliña é un xusto axustizado pola interesada alianza do poder político e relixioso.

Séculos de *dolorismo*, de *predestinación*, de *sacrificio vicario* (tiña que morrer para ofrecerse como vítima propiciatoria), dunha relixiosidade barroca empeñada en que a fe é crer no increíble non conseguen ocultar a frescura e a sinxeleza do evanxeo.

## No centro da fe cristiá hai un dato incontrovertible, imposible de agochar ou manipular

Os capirotos e bandas militares en procesión poden ser un argumento turístico. Todo depende de gustos. E hai gustos realmente para todo. Tamén son un tema económico, que hai que remontar a crise. A cuestión é se esas e outras manifestacións e símbolos axudan ou non a trasladar unha imaxe cabal do núcleo irrenunciabile da mensaxe pascual. Esa que implica que a coherencia e a liberdade interior teñen consecuencias; que a persoa xusta, aquel ou aquela que inaugure espazos de fraternidade que non interesan ao sistema, ten un final anunciado; que esoutro mundo posible “vai estando” entre nós se o sabemos ver e construír. Esa que implica, tamén, que a derrota aparente do crucificado, de todos os crucificados, torturadas e inxustamente executados da historia humana, non é tal. Que a vida ten a última palabra.

É de desexar que os novos aires “franciscanos” vaian empapando, coma orballo, esta gran Igrexa tan plural e desconcertada, despois de toneladas de dogmática prescindible, de historias escuras, de estraños acentos, de liturxias e costumes culturais convertidas en material opaco, que desconcerta. E que dificulta, en definitiva, a transparencia dunha boa nova que pode cambiar os corazóns, as miradas e o mundo.

Feliz Pascua.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén



O domingo pasado naceu o meu segundo fillo. Chámase Xoán e tanto a nai coma o mozo están moi ben. Con este rapaz vivín algo que non vivira con Sariña. Trátase de que puiden estar todo o tempo no parto.

Ver nacer unha vida é algo extraordinario. Coido que é algo que non é que deba ser opcional. Estou seguro de que debe ser obrigatorio. Das aprendizaxes que ten un na vida está asistir a un parto. Ver a vida facerse forte sendo tan pequeno. A loita, o esforzo, o medo... todo se supera cando chega o berro da vida.

Que tristes os tempos nos que o home paseaba nunha sala (fumando) mentres que a súa muller estaba no

parto. Que mágoa tantas xeracións de homes que non puideron gozar dese momento. Que triste idea de que o pai estorba nun intre tan sagrado.

Polo mesmo que hai intres na vida que marcan e supoñen un antes e un despois, non deberíamos prescindir deles. Porque Deus fíxose home-muller nun parto, e, daquela, o parto, co seu medo, coa súa dor, coa súa ledicia... é algo que nos fai transcendentales.

Oxalá que as vindeiras xeracións de teólogos (e tamén de teólogas) teñan a experiencia de momentos máxicos da vida. Canto cambiaría a teoloxía despois de cambiar cueiros.

1



3



2



4



## A peneira

1

Na festa do libro felicitamos os **LeCRAs** (Centro Rural Agrupado) de Dodro, un xeito de promover a lectura infantil compartida, no que as crianzas len e fan actividades manuais relacionadas co libro escollido ao abeiro de parentes e amig@s.

2

O 7, "Día da **SAÚDE**", reivindicamos servizos públicos. De todo o Estado, somos os que temos menos esperanza de vida con algo de saúde. O 31% conta con axuda pola Lei de dependencia e son atendidos por parentes. O 20% dos pensionistas sofre pobreza.

3

300 números de **FOUCE** e 40 anos de concienciación no mundo labrego, denunciando desfeitas, coma a de Alimentos Lácteos de Outeiro, consecuencia das arrotadas da Xunta. O sector supón 13% do emprego, que produce o 40% e só transforma o 25%. Só o 5% dos produtores teñen menos de 35 anos.

4

O X Curso de Primavera, do 22 ao 25, afronta "A violencia na cultura e na historia" na **USC** en Lugo. Mentres, na Coruña viven a "Semana do Día da República", dende o 10 co nomeamento de Aurora Marco coma "Republicana de Honra", sen esquecer os 4699 asasinados entre do 36 ao 39 en Galicia.



5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 12, Manolo González recibe o Premio Fernando Rey nos **MESTRE MATEO** pola súa traxectoria na Escola de Imaxe e Son. Foi fundador da Videoteca de Galicia, autor de *Documentos para historia do cine en Galicia*, e defensor das curtas coma aprendizaxe para o cine.

6

A megaloexposición **AUGA Doce no Gaiás** crea sede de poder celebrar mostras de creadores que están a mergullarse decote nas augas limpas do país e doutros pobos, coma o fotodocumentalista Xulio Villarino, de Foz, ignorados polas administracións.

7

As eleccións en **AFGANISTÁN** lembran máis de 10 feminicidios de representantes adscritas ao Ministerio de Asuntos da Muller. Foron asasinadas con toda impiedade, mesmo por grupos armados co amparo do poder. Mulleres artesás, na foto, Premio Lucas Dolega, do iraní Saeedi.

8

O crego de Moaña permite a estes 3 mozos da Cooperativa **AMEIXOEIRA** traballar unha hectárea no terreo da reitoral de Tirán. As cooperativas medran un 2% (1200 e 90.000 socios) con 18.000 empregos. Mentres, as sociedades laborais (637) reducíronse un 47,6% dende 2007.

# Política O negacionismo como actitude política

Carlos Vázquez G.



Enténdese xeralmente como negacionismo a distorsión ou falsificación de feitos históricos criminais, negándoos ou minimizándoos para conseguir dous obxectivos: privar as vítimas do seu recoñecemento como tales, e, en consecuencia, do seu dereito á reparación e exculpar os vitimarios do seu crime. O caso paradigmático é o negacionismo do holocausto dos xudeos, perpetrado polos nazis, pero tamén se aplica

a outros xenocidios, como o armenio ou o ruandés. Pero máis alá deste concepto concreto, paréceme que na política actual abunda unha actitude negacionista que, a pari, consiste en negar ou minimizar con dolo, falsidade e interesadamente realidades políticas, económicas ou sociais por moi evidentes que sexan, por moi contrastadas que estean. Os obxectivos desta actitude son a elusión de responsabilidades políticas, a cobertura fronte ás consecuencias electorais e a negación dos dereitos á reparación ou á compensación dos prexudicados, cando non a culpabilización mesma das vítimas do fracaso político.

Exemplo nidio desta retórica negacionista témolo no caso do ministro Montoro, todo un mestre na negación da realidade máis evidente,

Na política actual négase con dolo, falsidade e interesadamente a realidade, por moi evidente que sexa

na manipulación da estatística, na utilización perversa do eufemismo ou da mesma culpabilización dos prexudicados polas súas propias decisións políticas. Quen non lembra a súa afirmación no Parlamento de que os salarios, lonxe de caer, medran moderadamente? Ante a perplexidade xeral, manifestábase disposto a demostrárllelo aos seus increí-

dulos e ignorantes opositores. Á súa amnistía fiscal para grandes defraudadores e delincuentes chamoulle “proceso de regularización de activos ocultos” e, para o ministro, unha simple décima de mellora no crecemento é un éxito e a proba evidente de que saímos da recesión e da crise, dando un exemplo sin precedentes ao mundo, e unha décima de máis no axuste do déficit é unha nimiedade sen importancia. Agora, este negacionismo compulsivo aplícase aos informes de Caritas e outras ONG que constatan, con datos oficiais na man, que a pobreza extrema e a marxinalidade medran escandalosamente nun contexto xeral de crecente precariedade. Este negacionismo do evidente resulta tan grotesco como aquel “esto no es lo que parece” que esgrime o adúltero pillado “in fraganti”

Lamentablemente o de Montoro non é máis ca un exemplo porque o negacionismo vén sendo moeda de curso ilexítimo, pero habitual entre moitos políticos de diversos colores.



# O peto común

Rubén Aramburu

Agora que vén abril e os días son longos e chaman a resucitar, traio esta historia que escribiu Eduardo Galeano no libro *Bocas del tiempo*, pois pareceume unha fermosa felicitación de Pascua e toda unha meditación:

"1973, Montevideo, cuartel noveno de Cabalería: fodida noite. Ruxidos de camións, refachos de metralla, os presos ao chan, boca abaixo, mans na caluga, un fusil cravado as costas, berros, patadas, culatazos, ameazas...

Ao seguinte día, un dos presos, que aínda non perdera a conta do almanaque, recordou:

-Hoxe é domingo de Pascua.

Estaba prohibido xuntarse.

Pero fixérono. Houbo xunta no medio do barracón.

Axudaron os que non eran cristiáns. Algúns vixiaban os portóns enreixados e seguían os pasos dos soldados de garda. Outros formaron un anel de xente que ía e viña, camiñando como con descoido, arredor dos celebrantes.

Miguel Brun murmurou algunhas palabras. Evocou a resurrección de Xesús, que anunciaba a redención de todos os presos. Xesús fora perseguido, encarcerado, atormentado e asasinado, pero un domingo coma este fixera renxer os muros, e volteounos, para que toda prisión tivese liberdade e toda soidade tivese encontro.

Os presos non tiñan nada. Nin pan, nin viño, nin sequera vasos. Foi a comuñón das mans baleiras.

Miguel ofreceu a quen se ofrecera:

-Comamos -murmurou- Este é seu corpo.

E os cristiáns levaron a man á boca, e comeran o pan invisíbel.

-Bebamos. Este é seu sangue.

E alzaron ningunha copa, e beberon o viño invisíbel."



## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Entrevista Contra a crise, autoxestión

Redacción

## Entrevista a José María Casais e Lucía Ferreira

Nome: Rainha Lupa S. Coop. Galega  
 Quen son: unha Cooperativa de Agricultura Ecolóxica  
 Onde están: Quilmas (Carnota): <http://cooperativadeagriculturaecoloxicarainhalupa.wordpress.com/> e <https://www.facebook.com/rainha.lupa.5>  
 Que fan: manter a biodiversidade natural



Xosé Manuel e Lucía no posto da RAINHA LUPA na III Feira na Eira Xuño 2013

*Dende o ano 2008 vén funcionando en Carnota a Cooperativa Rainha Lupa, unha experiencia agro-ecolóxica que se está convertendo nun referente a nivel galego. Sobre a súa historia, o seu funcionamento e os plans de futuro falamos co seu presidente, José María Casais, e a súa secretaria, Lucía Ferreira.*

### Que é Rainha Lupa?

É unha cooperativa creada no ano 2008 para a revalorización das terras da Agra de Quilmas e para garantir o seu uso tradicional agrario e conservar a flora e fauna que nelas viven e que conforman o seu gran valor ambiental, así como protexelas fronte a especulación.

### Case nada... E como facedes iso?

Sen máis nada có noso labor diario: cultivo de froiteiras autóctonas, cereais e hortalizas, conservación das abellas melíferas para a polinización, cos labores de coidado dos camiños, con estivadas para o uso das toxeias como abono das terras e mantendo as sebes naturais; e logo, coa concienciación medioambiental da poboación

en xeral, organizando cursos formativos de agroecoloxía, de consumo responsable, ou coa promoción dos produtos agrícolas ecolóxicos de proximidade e coa organización de mercados no propio lugar de Quilmas.

### Quen formades R.Lupa?

Sómosche 14 socias/os, que teñen diferentes funcións na entidade. As terras pertencen aos socios, que as ceden á cooperativa para a súa custodiar. Tamén temos propiedades, leiras, instalacións e maquinaria adquiridas

de proxectos faise unha colaboración conxunta entre varias socias e/ou mediante convenios con outras entidades. A xestión é realizada pola Xunta Directiva, seguindo as pautas da Asemblea e resolvendo os problemas que poidan xurdir no traballo do día a día.

### E por que ese nome tan real?

A Rainha Lupa era unha muller-loba con dúas faces, que moraba no Monte Pindo: unha protectora das terras e animais e outra resolutiva e feroz fronte ás invasións e ataques que po-

**A nosa filosofía é que os nosos produtos se consuman o máis preto posible e sempre de forma directa.**

reinvertindo os beneficios; outras terras traballadas son cedidas pola veciñanza non socia.

### Como facedes o reparto do traballo cooperativo?

O traballo de todos os días realízano dúas persoas que fan a planificación e plantación dos cultivos así coma a comercialización dos mesmos. Para os traballos de divulgación e creación

dería sufrir o seu protectorado; unha deusa da fertilidade e da morte coa forza da natureza mesma. Se ollamos cara ao monte dende as terras da Cooperativa vese unha das lombas empedradas chamada Casa da Raíña Lupa, onde vivía esta deidade pagá.

**Dicías antes que tamén organizades mercados. Tedes dificultades para dar saída aos vosos produtos nos que xa existen?**



Non, non é iso. A nosa filosofía é que os nosos produtos se consuman o máis preto posible e sempre de forma directa. Así, na actualidade, facemos repartos a domicilio -en fogares e restaurantes- nas localidades próximas. Tamén organizamos durante o ano diversos mercados *Pola Defensa da Terra* en Quilmas onde, ademais dos nosos produtos, pódense atopar unha gran diversidade de alimentos de proximidade que serven como canle de comunicación entre os labregos e artesáns e consumidores dando a coñecer novos proxectos e produtos, técnicas de cultivo, obradoiros e oficinas, así coma un lugar para o debate. A maiores, participamos en mercados que se organizan por toda Galicia e cos que nos sentimos afíns, nos que se promociona a agroecoloxía e o produtos labregos de proximidade.

**Pero, aínda que vos centredes na proximidade, sairedes algunha vez da comarca**

Por suposto, gústanos crear redes! Todas as semanas enviamos á cooperativa de consumo responsable Zocamiñoca cestas cheas de hortalizas e froitas para seren distribuídas dende o seu local coruñés entre as socias consumidoras. Tamén colaboramos con eles e coa Asociación Ecoloxista Adega nos mercados que teñen lugar na Eira da Xoana, dúas veces ao ano, e nos diversos voluntariados ambientais que se veñen realizar en Quilmas dende o comezo da nosa actividade. Colaboramos coa rede *Compartindo Saberes*, estamos inscritos na *Rede de Sementes Galega* e noutras *sen nome oficial* de colaboración entre xentes labregas e non labregas de intercambio de tempo, produtos e saberes...

**O voso é un traballo lento e cotián, como vos afectaron os incendios do verán pasado?**

Puf! Foi unha lanza directa ao corazón, ver coma parte do traballo de 5 anos (e toda a natureza que nos rodea) ardía irremediabilmente. Malia

aos nosos esforzos por reter o lume, chegou a todos os campos de froiteiras autóctonas, ao apiario e, realmente, a toda a Agra agás os invernaoiros (un queimouse por un lateral) xa que alí estabamos nós cun tanque de auga e caldeiros para impedir que o lume entrara. Por fortuna, nunca diriximos os nosos ingresos nin a nosa produción a un só cultivo, a base da nosa supervivencia é a diversificación polo que a Raíña Lupa pode seguir facendo o que facía, só que precisa-

## O lume non nos arruinou porque a base da nosa supervivencia é a diversificación de cultivos

mos tempo para reinvestir de novo nas árbores froiteiras e recuperar as plantacións pero, desta volta, tendo en conta os lumes e tentando incorporar ao deseño técnicas de prevención e devasas que protexan o lugar: agora temos un medio máis sensible, erosionado e que require máis atención á hora da rexeneración.

Os recursos van proceder do que xeremos e da colaboración do voluntariado, -os recursos humanos, económicos e sociais non proceden dos bancos nin de axudas da administración, que teñen os labregos, a toda a poboación, nun absoluto abandono.

**E que proxectos de futuro tedes, que novas ideas?**

Agora a nosa actividade prioritaria é a construción dun local para a comercialización de produtos ecolóxicos en Quilmas. Esta tendiña vaise localizar nun alpendre que rehabilitaremos con materiais naturais (madeira das nosas árbores, arxila, palla e cal) nunha parcela onde realizamos cultivo protexido, deste xeito achegamos as persoas, aínda máis -a pé de planta-,

ao lugar onde medran os verduras e onde realizamos o noso traballo.

**Ou sexa que seguides con ánimos...**

Claro, con moita ilusión! Queremos seguir creando un agrosistema para a produción de alimentos sans e iso formúlase a medio-longo prazo, consolidando o proxecto, se é posible, axudando a fixar poboación, facendo de Quilmas unha referencia e punto de encontro para outros proxectos que teñan como horizonte o repecto ás persoas, ao contorno e ao ambiente. Habemos seguir traballando mentres agardamos que as políticas muden cara á sostibilidade.



Reparto de cestas en Fisterra

*Pascua significa "paso",  
o paso da vida á Vida.*

*Coma outras sociedades de agricultores e pastores, os antigos hebreos celebraban a primeira lúa chea de primavera: os agricultores comían pan novo sen fermento; os pastores, carne dos primeiros anos. A vida revivía, e había que agradecerla. A vida é inmortal, si, pero fráxil, e hai que cuidala. Iso é a Pascua.*

Moitos séculos despois, os hebreos engadiron á súa festa un sentido histórico: o recordo dos seus antepasados que, guiados por Moisés, se libraron do xugo do faraón. Un Anxo Liberador pasou polas portas dos seus míseros fogares, marcándoas co signo da vida e da liberdade. Atravesaron o Mar Vermello e camiñaron polo deserto na esperanza dunha terra que deita leite e mel. Iso é a Pascua: a memoria da liberación e a esperanza en camiño cara a unha nova terra aínda por alcanzar.

Veu Xesús de Nazaré e a súa vida foi toda enteira pascual, pois pasou a vida facendo o ben. Liberou os oprimidos, curou os feridos, compartiu a mesa con xustos e pecadores, foi irmán de todos. Encarnou a Deus, pois Deus é o nome da Compañía rebelde, solidaria e sandadora no corazón da vida. Por iso o mataron. Non morreu por decreto divino, nin para "expiar" perante Deus as culpas da humanidade, senón porque pasou a vida liberando a vida e curándoa.

Moitos viran nel o profeta dos últimos tempos, o amencer dun mundo transfigurado, e seguíranos polos camiños de Galilea, atestados de mendigos e de enfermos. A morte en cruz de Xesús golpeou a fe dos seus seguidores,

pero non a destruíu. María de Magdala, Pedro e moitos máis proclamaron que Xesús estaba vivo, pois a vida que se dá non pode morrer na tumba. A bondade feliz resucita en Deus, é Deus mesmo: o Corazón glorioso da Vida. E iso é a Pascua: a vitoria do ben, aínda que só sexa unha semente ou un anaquiño de fermento.

Logo a teoloxía complicou inutilmente o que é tan simple e real, tan universal como o ben e a vida. Puxeron o acento en cousas que non tiveran importancia ningunha nin para Xesús nin para as súas primeiras discípulas e discípulos. Entenderon a resurrección como un feito histórico e físico sucedido en Xesús por primeira e única vez: a súbita desaparición do corpo, o sepulcro baleiro, a reanimación do cadáver no alén, as aparicións físicas só a uns cantos... A Pascua pasou a ser un feito singular do pasado. A fe pascual consistiu en "crer que" Xesús resucitou fisicamente da tumba e que os seus discípulos o viron e comeran con el pan e peixe.

Pero a Pascua non é iso. Non é ese o corazón da mensaxe nin da fe pascual. Non foron un sepulcro baleiro ou unhas aparicións físicas as que levaron a María de Magdala e a Xoán, a Pedro e Paulo e tantas e tantos

[1] <http://www.atrio.org/2013/04/pascua-cristiana/>

outros a confesar que Xesús vive. Foi a memoria sandada a que trocou as bágoas en amor máis despojado e máis forte, o desengano en esperanza contra toda esperanza. Foron os ollos do corazón os que o recoñeceron presente no camiñante, no hóspede, no pan compartido.

Así naceu a fe pascual, e segue nacente en nós cada primavera e cada día. "Santo e feliz Xesús Cristo" cantaron os primeiros cristiáns, e aínda seguimos cantando, pois nel recoñecemos a vida que paga a pena, a vida boa e feliz, a vida humana e divina. E humildemente seguimos dicindo, malia

todo: "O Crucificado vive. A súa bondade samaritana vive. A súa profecía valente e arriscada segue vixente a pesar da cruz sanguenta e da tumba pechada. Deus vive. Deus é a Bondade poderosa e creadora, como un permanente Big Bang, como un infinito corazón palpitante. Deus é o nome do poder da tenrura. Nel vive o Crucificado, e todas as criaturas crucificadas. A Vida non morre, todos os sepulcros están baleiros, a Compañión é máis forte que todas as cruces".

Feliz Pascua, pois, amiga, amigo. Que a túa vida sexa boa e feliz.



## VENTURAS DA RESURRECCIÓN

(Miguel Ángel Mesa)

- "Felices os que morren cada día ao egoísmo e renacen á unha vida nova. Os que estean persuadidos de que o odio, a guerra, a maldade e a barbarie xamais poderán vencer ás forzas da vida.
- Felices os que saben descubrir entre as realidades da morte do mundo de hoxe signos de vida e esperanza.
- Felices os que alcanzan a convicción, dende o seu compromiso vital, de que tras as derrotas cotiás está a latexar a vitoria da vida.
- Felices os que regan gotas de vida, os que sementan sementes de vida, os que alentan desexos dunha vida en plenitude.
- Felices os que lograron percibir, detrás da morte de millóns de inocentes, a dor, a rebeldía, a audacia, a chamada a unha entrega absoluta pola vida.
- Felices os que transformaron a súa existencia polos testemuños dos que derramaron o seu sangue pola vida doutros seres humanos.
- Felices os que cren no Deus da vida. E os que cren nunha nova humanidade que poida ser feliz e gozar da vida. Uns e outros, xuntos, lograrán que trunfe a paixón pola vida, outra terra máis chea de vida.
- Felices os que descubren paso a paso na súa vida que a última palabra non a ten a morte, senón a resurrección"



# XXXVII Romaxe Romaxe na Carballeira das Virtudes

*Coma todos os anos, o grupo que anima e coordina a Romaxe xa leva tempo traballando para ter todo listo no mes de setembro. Neste artigo, e noutros que sairán nos próximos números, irannos presentando o sitio, a paisaxe e a paisanaxe da XXXVII Romaxe*

O 14 de setembro de 2013, rematando a celebración da Romaxe en santa Uxía de Lobás, subiron a coller o ramo e a animarnos a participar na Romaxe 2014, Paula e Raquel, de Galegos e Rocío de Abellá-Frades.

Velaquí as súas palabras naquel momento:

*“Boas tardes a todos: A nós tócanos informar primeiro do lugar da Romaxe vindeira e como é. Empecemos por situar no mapa o lugar da capela das Virtudes.*

*Trátase dun lugar moi céntrico a uns 30 quilómetros de Compostela e moi ben comunicado veñamos de onde veñamos.*

*A Capela das Virtudes coa súa ampla carballeira pertence ao concello de Frades. Frades é un dos concellos da comarca de Ordes no interior da provincia da Coruña, pero iso non se nota para chegar alí. Por un lado pasa a estrada de Santiago cara á nacional VI e por outro á de Lanzá cara a AP9.*

*Hoxe non toca falar da historia, dos monumentos ou da xente destas terras; descubrirédelo por vós mesmos. Só un detalle: hai uns 35 anos chegaron a estas terras dous mestres, Mini e Mero, dous imprescindibles das romaxes e aínda non marcharon.*

*Para rematar, temos que dicirvos que vos acolleremos con moito gusto na capela das Virtudes en Vitre o vindeiro ano. Verémonos alí!?”*

A capela das Virtudes procede dos albores do 1800 cando D. Blas de la Fuente, voltou despois de moitos anos na emigración e quixo lavar a súa conciencia con boas obras para que a Virxe e os seus veciños de Lanzá o perdoasen.

## CHAMAMOS POLA IRMANDADE

Dos moitos persoeiros célebres desta contorna salientamos neste primeiro artigo a Luís Porteiro Garea, que naceu en Lugo pero morreu preto de aquí, en Frades. El foi un dos fundadores das Irmandades da Fala. Foi un dos creadores do nacionalismo irmandiño na súa vertente política, pois apostou por superar as reivindicacións pu-



ramente lingüísticas e culturais e avanzar cara á creación dunha organización política propia.

Por iso é polo que na Romaxe deste ano chamamos pola Irmande, e farémolo cantando fermosas verbas de Claudio Rodríguez e Baldomero Iglesias:

IRMÁNS, PRA QUE O PORVIR NOS CHAME  
CÓMPRE QUE NAZAN FLORES A CADA INSTANTE!

PARA QUE MIL RECENDOS, ENCHAN O AIRE!

Quero unha irmá de pan, abrigo de liño e lan  
que alimente os meus contentos, loitando contra os tormentos  
ergueremos das derrotas que nos traen as almas rotas  
sentíndonos reforzados uns cos outros solidarios  
coa canción que o mal espante, sen cansar e cara adiante  
por vieiros que nos leven e nos traian a onde deben:  
man de esperanza en Romaxes, e coa fe feita irmandade.

Pero lembraremos tamén que non abonda con palabras. Para que haxa verdadeira Irmandade non pode haber mentira, nin traizón, nin insinuacións sospeitosas, nin corruptelas, nin rancores. E nos tempos que corren é o que máis abunda.

Ten que haber encontro, relación, confianza, entendemento, comprensión. Ganas de mellorar, de loitar contra as dificultades. Onda a Carballeira das Virtudes lembrémolo, e tamén o celebraremos acompañados do noso Irmán Maior, o de Nazaré que pasou pola Historia xerando Irmandade e denunciando corruptelas que afunden as xentes.



# O noso taboleiro Encontro de solidariedade rural

Manuel Regal Ledo

## Por un mundo rural con vida, creatividade e alegría

*O 5 de abril, no centro de Proxecto Home de Compostela, oitenta persoas asistimos a este Encontro organizado polas comunidades de relixiosas asentadas na rural e o Movemento Rural Cristián. Pretendíase crear un espazo de coñecemento mutuo, para compartir preocupación, soños e proxectos en relación co mundo rural galego, nun momento en que, tanto desde unha perspectiva civil coma relixiosa, remata unha etapa e, oxalá!, dea comezos outra mellor. Ofrecemos esta breve crónica do alí vivido.*



### **Abrindo o día**

Fomos amablemente acollidos por María Carril, Coordinadora do Centro, que puxo á nosa disposición todos os seus servizos. Mil grazas. Pilar Wirtz abriu o día explicando os obxectivos da xornada: o coñecemento mutuo, compartir medos, soños e esperanzas e, se así o quixésemos, organizar unha continuidade dos nosos traballos.

A continuación, Manolo Regal, ofreceu unha breve síntese da historia da Galicia rural en sete grandes etapas, nas que mostraba tamén a postura maioritaria da Igrexa en cada momento. Apoiado en imaxes e texto, centrou o traballo da mañá, no que se ía reflexionar sobre o momento actual do campo e as saídas que se albiscan, tanto no eido civil, social en xeral, coma no eido eclesial.

### **A realidade e as alternativas necesarias**

Daniel López Muñoz, sociólogo, traballador público na administración galega, compartiu a súa análise valéndose de materiais do Proxecto Symbios, no que traballa, un intento de intercambio de coñecementos e experiencias sobre as consecuencias sociais e territoriais para Galicia do cambio demográfico, que se caracteriza entre nós polos datos preocupantes respecto do factor humano no rural ([www.proxectisymbios.eu](http://www.proxectisymbios.eu)). Para Daniel este debería ser o gran debate nacional galego, as condicións de posibilidade dun novo rural galego, duns territorios en equilibrio, vivos, positivos, intelixentes, inclusivos. O vello “mundo rural”, máis ou menos idealizado, enfaixado en clichés ou tópicos, está desaparecendo e está nas nosas mans -nas mans das institucións públicas e das vontades e inicia-

tivas privadas- darlle paso ou non a outra realidade posible, esperanzada.

Cre Daniel que son catro as grandes cuestións que cómpre xestionar: primeiro o da “fecundidade autóctona”, pois habería que traballar nas condicións para que a xente nova viva e se “reproduza” na Galicia non urbana; en relación directa con iso, está a cuestión do potencial non utilizado, que é a oportunidade para novos habitantes no rural; ademais está o tema da inmigración, coas súas potencialidade e límites e por fin está a necesidade de planificar un territorio e uns servizos que fagan habitable o espazo rural.

### **Abano de experiencias**

Despois tivo lugar unha mesa redonda na que se recolleron diferentes experiencias, desde perspectivas diferentes. Clemente Boo, de Cáritas, presentounos o programa “Semen-

# O noso taboleiro

Encontro de solidariedade rural

Manuel Regal Ledo

teira”, que intenta dar resposta a 100 familias en situación de exclusión da comarca de Ordes. Aurora Puentes informounos e arrepiounos co tema da megaminería que a Xunta favorece que se instale ao ancho e longo de Galicia. Lucía Leal falounos de Cova da Terra, que tratan tamén de ser facilitadoras dun Comercio Xusto galego e en Galicia; Marcial Díaz Manso presentounos “Gandería Terra Celta” o proxecto de gandería ecolóxica, iniciado na comarca de Porto do Son por un cidadán austríaco, que quixo facerse gandeiro galego; Antonio R. Corbal púxonos ao tanto do inmenso traballo levado a cabo en Lodoselo, A Limia, acompañando á xente no que precisa, en servizos de proximidade e desenvolvemento rural; e. Manolo Regal ofreceu unha brevísimas exposición da situación da Igrexa no rural neste momento, e das saídas creativas que se procuran.



neste momento? Na posta en común recolléronse respostas variadas, que se foron agregando: a) comunicación, coidados, humanización da vida e das relacións; b) valorar e dar a coñecer

xo Carracedo, Ramiro Martínez, Pilar Wirtz, Lucía Leal, Begoña Celeiro, Isaac de Ourense e Manolo Regal.

Por último, quixemos rematar este primeiro Encontro de Solidariedade Rural, como se merecía, con festa, e para iso contamos co grupo “Xaquín e a súa banda”, que nos ofreceu as súas pezas intercalando poemas das novas poetisas populares rurais, Rexina Muñiz e Estefanía Calvelo. E, como remate, pensando que o que fixeramos fora unha boa sementeira, visibilizámolo cantando xuntos a “Sementeira”. Satisfacción e alento eran as dúas palabras que resumían o vivido nesta densa xornada. Grazas a quen todo isto fixo posible.

## debería ser o gran debate nacional galego: as condicións de posibilidade dun rural viable

### E agora que?

Esta era a cuestión para a tarde. Como continuar coma grupo? Empezamos traballando en grupos esta pregunta: Por que dous ou tres aspectos da vida rural habería que apostar

cara a dentro e cara a fóra os valores e recursos do rural; c) apostar por unha nova maneira de animar e vivir a fe.

Para botar a andar este proxecto nomeouse un equipo dinamizador: Xur-



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRIBCIÓNS:** Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / [subscripcións@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcións@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182

**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

**FEITO EN PAPEL RECICLADO**



# Boa Nova



## DOMINGO 27 DE ABRIL. II DE PASCUA A PALABRA. Xn 20, 19-31

Naquel día, o primeiro da semana, ao serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús e, poñéndose no medio, díxolles: "Paz convosco". Dito isto, mostroulles as mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse, vendo o Señor. El díxolles outra vez: "Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós". E dito isto alentou sobre eles e díxolles: "Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoedes os pecados, quedaránlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaránlles retidos".

Pero Tomé, un dos Doce, o chamado Xemelgo, non estaba con eles cando chegou Xesús. Díciánlle entón os outros discípulos: "Vimos o Señor". Mais el contestoulles: "Como non vexa nas súas mans as furas dos cravos e non meta nelas o meu dedo; como non meta a miña man no seu costado, non creerei". Oito días despois estaban outra vez dentro os discípulos, e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, e poñéndose no medio, dixo: "Paz convosco". Despois díxolle a Tomé: "Trae aquí o teu dedo e mira as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado. Non sexas incrédulo, senón home de fe". Tomé respondeulle: "Meu Señor e meu Deus!". Xesús díxolle: "Tes fe porque me viches? Benia os que creron sen veren!". Moitos outros signos fixo Xesús diante dos seus discípulos, que non se escribiron neste libro. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e, crendo, teñades vida nel.

A PALABRA

O ECO

Xa sei como te chamas e creo en ti

Polo que sexa, parece que estes últimos tempos, dende distintos eidos, xórdeme a miúdo a pregunta de como nomear a "Deus". Semella que este vello apelativo ficou algo desgastado, descolorido e encollido como roupa vella.

De visita ao pé dunha amiga doente, mentres os maridos respectivos ían por algo á cociña, ficamos soas, en silencio, uns minutos, a medida xusta da eternidade. Viume espontaneamente aquela oración da nena que polo visto aínda son; había moito, moitísimo que non pasaba: "sei que estás aí, só me falta verte...". Como de nena percorrín avidamente o espazo cos ollos en torno a min e bateron contido, coas túas chagas e eivas, sinais de identidade inequívocos, coa túa mirada volta cara a dentro, danzando en espazos infinitos quen sabe con que músicas, dona do aire todo, sen cadeas nin portas que te paren. Si, proseguíu a nena, xa sei onde estás e agora creo, porque te vin, coma Tomás murmurando "meu Señor e meu Deus", creo en ti; viaxas en cadeira de rodas cos teus ollos inmensos como fiestras abertas, e unha man que arde e me salva cando colle a miña, no instante máxico en que rezamos: "noso Pai..." (eu sempre digo "nosa Nai..."). Falas en linguas e ris, con risa diáfana, e chámaste Elisa. Conservo esta memoria como a dunha cita de amor coa luz dos meus días.

Christina

### Testemuña e memoria da Paixón

O Evanxeo de Xoán conta a Resurrección de Xesús como unha chamada a espertar, a manter os ollos abertos perante a vida.

Madalena atopa a Xesús ao pé do sepulcro, nunha experiencia mística de visión interior. En contrapunto, os apóstolos descubren a Xesús no seo da comunidade. No centro das dúas experiencias está o Espírito de Deus que tanto a María como á comunidade, éncheos de paz, de plenitude de vida.

A experiencia de Resurrección, persoal e íntima, faise posible nunha comunidade que che axuda a abrir os ollos, a dar fondura e plenitude á túa vida. O froito da experiencia da Resurrección é a paz, non unha paz empírica (ausencia de conflitos) senón unha fonda paz interior que nos libera, que nos fai completos, que pon no centro do noso ser aos outros, ao Outro.

Este cambio vémolos en Tomé, que sae do seu "se eu non vexo, se eu non toco" para entrar na afirmación da plenitude: "O meu Señor, o meu Deus". Tomé descubre que el non é o centro de si mesmo. Deixarse interpelar polo resucitado faíno espertar, faílle tomar conciencia, ábrele os ollos para percibir a Deus no centro e no fondo de si mesmo.

Marisa de Corme

A CLAVE



# Falando da lingua Se chove, que chova!!!

Lidia e Valentina



Saltar nas pozas, a felicidade...

Hai unhas semanas, cando chovía ben, chegounos un correo electrónico dun lector do concello de Paderme, na Coruña. Facíanos unha consulta respecto do anuncio de Gadís, no que os actores corean unha e outra vez, con acento ben pouco galego en moitas ocasións, a frase, o dito tan

galego “Se chove, que chova!!!”. Pois ben, el non discrepaba coa frase, simplemente que se sorprendía da forma “chova”. Dicíanos que, desde neno, na súa terra dixeran “se chove, que \*choiva”. Pensaba na posibilidade de que fose un erro, que podería ser... Pois non, nesta ocasión non se enganaron. “Chover” é un verbo regular da 2ª conxugación e, como tal, fai o presente de subxuntivo a partir da 3ª persoa de plural do presente de indicativo: “chova”. O que pasaría na súa terra é que a forma verbal se asimilou ao substantivo; entón, a partir de “choiva”; substantivo, fixeron a forma “choiva” para o presente de subxuntivo.

“Choiva” non é a única forma que existe en galego para expresar que a auga cae das nubes. Dependendo da zona de Galicia onde chova, dise que o que cae é chuvía, chuva ou choiva. No galego normativo están aceptadas as formas chuvía e choiva. Agora ben, non todo é choiva o que cae na nosa terra... Téñense recollidas ata 100 formas diferentes! Segundo esta sexa forte ou feble, se vén acompañada de raios e tronos, de vento... e se de repente para, hai un nome en

Galicia para chamarlle. Porque cando nin sequera chega a chover, pero o día non está para outra cousa, dicimos que está pechado de brétema, de borraxeira, cegoña, fuscillo, que hai unha néboa pecha... E se chover, chove, pero de forma moi feble, diremos que babuña, ou babuxa, ou barbuza, ou barrufa, ou que o que cae é barrallo ou barruzo, ou borralla, ou froallo, ou poalla, ou zarzallo... Tamén pode caer unha chaparrada e mollarte ben, ou unha zarracina, unha chuvieira, ou unha cebra, ou unha cebrina... e a cifra, a xistra, a treixada poñerte coma un pito. E cando cae auga xunta, diremos que cae a caldeiros, a cachón, a canados, a mares, que chove a ceo aberto, ou descuberto, que caen chuzos de punta... Se ademais vén con raios e tronos, teremos unha treboada, un torbón, un trebón... Así e todo, nunca choveu que non escampara, incluso tras o diluvio universal e en *Cien años de soledad* (de García Márquez) deixou de chover, e daquela diremos que amiza, delampa, estea, estiña, estrelampa...

É ben certo, imos cheos, pero desta volta é o que toca, que a auga de abril enche o carro e o carril...

## O Fachineiro de tanta gloria leves

...como paz deixas

Malia que o intentou, realmente este fachineiro non é quen de imaxinar a Rouco Varela (Afónico Varilla, para sermos máis harmónicos co seu aprecio pola lingua de onde naceu) contando un chiste. Aínda máis, despois de ver unha película de terror, creo que preferiría ter a Norman Bates debaixo da cama, ca a este homiño. Hai quen ten rúa co seu nome en varias cidades ao que alcu-maban como o Xirafa, por tanto como estalicaba o pescozo para saír na foto cos persoeiros. A Rouco pásalle o mesmo, e aínda ten folgos para meter o cóbado (e



a pata, e o dedo no ollo e o sal na ferida e o que cumpra) para arrepoñerse á súa xubilación e regalarnos os estertores da súa liña editorial. El si que sabe cal é o bando correcto. É difícil enxergar o que hai realmente dentro desa cabeza, pero a imaxe é de resentimento, amargura e, por suposto gusto polo poder, ambición e afastamento da realidade cotiá. Agora ben, o que sen dúbida hai é ausencia de bo humor. Dicía un tuiteiro hai uns días que Rouco Varela vai acabar a súa carreira en Catar. Amén.

A.Q.